

MESA SECTORIAL

14/03/2023

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROGRAMA INTEGRAL DE APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS (PIALE) PARA O ANO 2023

Desde marzo do ano 2019 esta orde estaba sen pasar pola Mesa Sectorial polo que nos alegramos de que se volva a tratar. Denunciar que é practicamente o mesmo número de prazas e o mesmo orzamento que anos anteriores.

Solicitamos a inclusión de oferta de prazas para italiano.

Demandamos que na modalidade 2 a Fase A teña unha duración de 100 horas en lugar de 50 e que o certificado que se expida sexa de 100 horas.

Demandamos que se inclúa ao profesorado interino establecendo algún tipo de prelación con relación ao profesorado funcionario.



Na composición da comisión de selección que se regula no artigo 15 consideramos que debe estar formada por persoal técnico con competencia nos idiomas correspondentes e demandamos que se estableza un número fixo de vocais e non se deixe indeterminado tal e como figura no texto da Orde que establece “ata catro vocais”.

Gustaríanos que a xestión de todo o proceso sexa directo e non a través de empresas intermediarias para mellorar a mesma.

Debe quedar clarificado que o profesorado que teña concedido un PIALE quedará exento de participar en tribunais de oposicións.

Debe evitarse o solapamento das estadias formativas cos períodos de vacacións do profesorado.

En relación co baremo facemos as seguintes propostas:

- No apartado 2.4 pasar a 2 puntos.
- No apartado 2.5 pasar a 1 punto.
- No caso de que non se acepten as modificacións nos dous apartado anteriores estamos de acordo en deixar o apartado 2.6 nos 10 puntos. No caso de non ser aceptadas as modificacións propostas solicitamos que se incremente a puntuación no apartado 2.6 a 20 puntos.

Debe manterse a posibilidade de participación do profesorado co nivel B1.

Solicitamos que se poidan acumular entre as distintas modalidades as prazas que queden sen cubrir ou ben que se poida acumular o orzamento de ditas prazas para convocatorias seguintes.

Desde ANPE Galicia manifestamos novamente a nosa discrepancia co feito de que o CAFI poida emitir certificacións de Idiomas, competencia que consideramos exclusiva das EOI.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTOS DE ORDE (CATRO) POLAS QUE SE DESENVOLVEN OS SEGUINTE DECRETOS:

- 155/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil

MESA SECTORIAL

14/03/2023

- 155/2022, do 15 de setembro, polo que se desenvolve a ordenación e currículo da educación primaria
- 156/2022, do 15 de setembro, polo que se desenvolve a ordenación e currículo da educación secundaria obrigatoria
- 157/2022, do 15 de setembro, polo que se desenvolve a ordenación e currículo do bacharelato



COMÚN A TODAS AS ORDES:

Desde ANPE Galicia consideramos que todo o que se recolle sobre o papel non vai a funcionar se non se fai unha adaptación importante das condicións de traballo nos centros educativos e se abordan cuestións básicas como son a **redución de rateos, a diminución da carga burocrática e a redución do horario lectivo do profesorado**. En relación á redución de rateos non queremos ser a última Comunidade Autónoma que o aborde e non nos serve a explicación de que hai normativa estatal xa que esa normativa tamén é a mesma para as comunidades que xa están abordando esta redución. O mesmo ocorre coa carga burocrática, é fundamental deixar de asfixiar ao profesorado con este tipo de traballo. Queremos **impartir docencia e non cubrir papeis e máis papeis**. No caso de primaria existen cadros de persoal (que ultimamente estanse a incumprir en moitos casos) pero en Secundaria en

funciónase por cupos o que xera moitos problemas organizativos nos centros educativos. No apartado no que se fala das programacións didácticas consideramos que non debe facerse mención á nomenclatura PROENS e debe falarse simplemente de “aplicación informática” por se no futuro deixa de usarse PROENS.

Debe facerse unha aposta clara e decida por PT e AL en todos os centros, así como un funcionamento pleno de Departamentos de Orientación nos mesmos. Debe, ademais, nomearse un **responsable de saúde mental** en todos os centros educativos para abordar o gravísimo problema co que nos estamos atopando na actualidade de aumento de risco de condutas suicidas.

Desde ANPE gustaríanos que se trouxese a negociación no seu momento a distribución da carga horaria das distintas materias e áreas.

ANPE Galicia está a favor das cualificacións numéricas como garante dunha cultura do esforzo e de valoración do traballo na súa xusta medida e non en valoracións difusas que permiten en moitas ocasións “aprobados administrativos” que deben evitarse.



EN RELACIÓN Á ORDE DE INFANTIL:

A LOMLOE establece o cambio de concepto asistencial a educativo da etapa. En coherencia con este cambio de concepto as competencias deben asumirse pola Consellería de Educación para frear a elevada porcentaxe de oferta privada (case o 40%) fronte á pública.

MESA SECTORIAL

14/03/2023

En relación á incorporación gradual do alumnado ás aulas a redacción que a Administración propón neste punto supón, para ANPE Galicia, unha eliminación “encuberta” do período de adaptación algo co que estamos en total desacordo.

En relación ás **titorías (demanda que queremos facer extensiva a todas as ordes)** ANPE Galicia demanda o **recoñecemento económico e administrativo desta figura** e, enlazando con esta petición, volvemos a demandar a redución da carga burocrática.

No artigo 14 consideramos que debe potenciarse as bibliotecas de aula na etapa de infantil.

En relación á avaliación, desde ANPE Galicia non entendemos a elaboración de informes mensuais (que non é máis que carga burocrática adicional).

No artigo 27, ANPE Galicia considera positivo que se mencione e se recolla a participación e colaboración das familias no proceso educativo. Debe potenciarse ao máximo as linguas estranxeiras e o uso e dominio tanto do castelán como do galego sobre todo no último curso da etapa.

EN RELACIÓN AO RESTO DE ORDES:

Os itinerarios en Bacharelato dificultan a elección de determinadas optativas. Deben ofertarse todas as optativas en todos os centros e, en calquera caso, a súa oferta non debe estar supeditada ao número de alumnado que as poida cursar.

A oferta dunha segunda lingua estranxeira debe de ser obrigatoria en todos os centros e debe ser impartido sempre por profesorado especialista.

En relación á avaliación entendemos que debe facerse referencia nas Ordes ás últimas modificacións normativas introducidas recentemente pola Consellería. Insistimos en que ANPE considera importante a cualificación numérica como impulso a unha cultura do esforzo que se está a perder no eido educativo o que repercute negativamente na calidade do sistema educativo.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DO DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 156/2022, DO 15 DE SETEMBRO, POLO QUE SE ESTABECE A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E ANTEPROXECTO DO DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 157/2022, DO 15 DE SETEMBRO, POLO QUE SE ESTABLECEN A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DO BACHARELATO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.



Comezar criticando a modificación, con pouca marxe temporal para poder estudar os documentos remitidos, da Orde do Día da Mesa. Hai que ter en conta que os documentos remitidos chegaron ás organizacións sindicais o día anterior á celebración da Mesa.

Insistimos, desde ANPE Galicia que nos gustaría que se puidese debater (no seu momento) a carga horaria e a distribución da mesma nas distintas areas e así o fixemos tanto no Consello Escolar de Galicia como noutros ámbitos.

Solicitamos que se manteña a materia optativa de “Fundamentos de Administración e Xestión” de 2º de bacharelato.

Introducir en Bacharelato unha materia que relacione o mundo do Dereito e a economía.

Introducir como optativa autonómica a materia de “Educación Financeira” no 2º ciclo da ESO.

MESA SECTORIAL

14/03/2023

Tamén debe potenciarse, á marxe das peticións anteriormente mencionadas en Economía, cuestións como as Artes, a Música e moitas outras máis.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS

- Solicitamos información sobre a publicación da Orde de Licenzas de Formación.
- Demandamos solución para o problema do Conservatorio de Vigo onde se cuadriplica a recomendacións de niveis de gas radón. Aportamos informe da USC onde se indica o perigo da situación.
- Demandamos recoñecemento administrativo e económico para os responsables e coordinadores dos equipos ADIX. **A Administración contempla recoñecemento administrativo pero NON económico.**
- As FCT este ano vanse, en moitos casos, ata o 31 de Agosto que coincide co período de vacacións do profesorado titor. Queremos saber cal será a situación con este profesorado.
- Solicitamos un Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela.
- Solicitamos que pase pola Mesa Sectorial o antes posible a Orde de Calendario Escolar. **Hai xa un borrador que se nos remitirá con tempo suficiente.**
- Solicitamos información sobre a situación da elaboración dos novos Regulamentos Orgánicos de Centro. **A Administración resposta que de momento no está prevista revisión dos documentos.**
- Solicitamos información sobre cando pasará pola Mesa a Orde de elección de direccións.
- Solicitamos que a Administración organice e xestione mellor (en

coordinación coas Organizacións sindicais) a acreditación de Competencias Dixitais.

- **Deben negociarse XA! Cuestións como retribucións, redución de ratesos, redución de burocracia e redución do horario lectivo do profesorado.**

